

A Ciencia e a Creatividade poden ir no mesmo camiño

O profesor Pío González demostrou ós alumnos a orixinalidade no emprego da enerxía láser

REDACCIÓN, VIGO
luniversitasad@atlantico.net

■ ■ ■ A Ciencia dende un punto de vista creativo. Iso é o que demostrou Pío González, profesor de Física Aplicada da Universidade de Vigo, na conferencia que impartiu o pasado xoves baixo o título de "O láser, 50 anos despois".

O profesor guiou ós presentes na conferencia por un percorrido histórico desta tecnoloxía no que o público ademais de escoitar puido ver, tocar e manipular todo tipo de experiencias saídas do láser. Xa antes de sentarse, os participantes no relatorio atoparon na sala un mostrario de obxectos cortados por láser, hologramas e pezas antigas das que o profesor explicou cada unha das súas peculiaridades.

Sempre pensando en que as cousas quedaran ben claras, durante o relatorio, González alternou as explicacións de diferentes aplicacións da tecnoloxía láser en campos como a industria, a medicina ou as



O público presente fixo un mural que estará presente na ETS de Industriais.

comunicacións, con experimentos feitos en vivo e en directo cos distintos aparellos láser que desprazou dende o seu laboratorio no campus

vigués ata a Fundación Pedro Barrié de la Maza. Todo para poder amosar de xeito sinxelo ao público como medir distancias e espeso-

res, as interferencias dos láser ou o funcionamento dunha rede de fibra óptica empregando algo tan simple como unha botella de auga.

Como ciencia e arte camiñan collidas da man en moitas ocasións, o pintor Mingos Teixeira colaborou co profesor González na última parte do relatorio para amosar que en ambas disciplinas "é preciso ser creativo para resolver problemas". Comprobalo estivo nas mans do público: o artista repartiu entre os asistentes ceras brancas para que escribieran case a cegas sobre un lenzo tamén branco o que lles inspiraba o láser. Unha vez rematado, Teixeira cubriu o papel con acuarelas líquidas de cores, co que a creatividade do público veu a luz e deu como resultado un cadro colectivo que lucirá na ETS de Enxeñería Industrial.

A conferencia forma parte do ciclo dun ciclo de relatorios de carácter divulgativo organizado pola Unidade de Cultura Científica e a Fundación Pedro Barrié. ■

18 estudantes da Universidade de Vigo recibirán 3.500 euros en premios de fin de carreira

■ ■ ■ A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicou a resolución de convocatoria dos premios extraordinarios de fin de carreira nos que repartira 189.000 euros entre 52 estudantes que remataron os seus estudos superiores no curso 2009/2010.

Outorgaranse 3.500 euros e un diploma acreditativo a cada un dos estudantes, que se distribúen en 24 alumnos da Universidade de Santiago, 12 de A Coruña e 18 de Vigo. As bolsas foron solicitadas por un total de 125 estudantes, entre os cales resultaron gañadores un total de 52 alumnos matriculados en universidades galegas.

A comisión avaliadora estivo conformada polo secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez de Castro, a vicerreitora de estudantes de relacións internacionais da Universidade da Coruña, María José Martínez, e o vicerrector de estudantes das universidades de Santiago e Vigo, Francisco Ramón Durán e Ignacio Barcia. ■